

ASISTENTES:

Cándido Pérez Betanzos	da CIG
Ramón Barreiro García	da CIG
Carlos Mollinedo Lois	da CIG
Luis José Olivares Requejo	de CCOO
Mercedes Alonso Alonso	de CCOO
Francisco Javier Fernández Martínez	de CCOO
Carlos Román Lago	da UGT
Cesáreo García Camiña	da UGT
Mª José Montero Vilariño ¹	da CIG
Manuel Velasco Graña	Delegado Sindical de CCOO

Reunidos nos locais sindicais do Campus de Vigo as 10 horas da mañá, para proceder a constitución do Comité de Empresa dos Campus de Vigo e Pontevedra e para a elección do seu Presidente e Secretario.

Preside a reunión a mesa de idade, sendo Presidente Cesáreo García e Secretario Luis José Olivares.

Os representantes da CIG propoñen a creación directamente do Comité Intercentros con todas as funcións delegadas nel. Os representantes de CCOO propoñen seguir co cumprimento da legalidade vixente e constituír o Comité de Empresa dos Campus de Vigo e Pontevedra, elaborar e aprobar o seu regulamento e decidir os termos e competencias para a creación dun Comité Intercentros. Os representantes de UGT tamén optan por esta segunda proposta.

¹ Asistiu a partir das 13 horas tras un tempo de reflexión dunha hora fixado polos asistentes.

Se procede a presentación de candidatos a Presidente e Secretario, non presentándose ningúen por ningunha das representacións sindicais.

Tras un descanso de unha hora, volvese reunir o Comité e presentase a candidatura da CIG, con Cándido Pérez Betanzos como Presidente e Carlos Mollinedo Lois como Secretario. A candidatura alcanza maioría simple en segunda volta, sendo o resultado nas dúas votacións o mesmo:

- 4 Votos Candidatura de Cándido Pérez Betanzos
- 5 Votos en branco

ACORDOS:

Nomear a Cándido Pérez Betanzos Presidente do Comité de Empresa dos Campus de Vigo e Pontevedra e a Carlos Mollinedo Lois Secretario do mesmo.

Fdo: Cesáreo Garcí Camiña
(Presidente)

Luis José Olivares Requejo
(Secretario)